



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 12 de febreiro de 2026, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

AVELUMAB

Para o tratamento en monoterapia do carcinoma de células de Merkel metastásico en pacientes adultos, e que cumpran os seguintes criterios:

- 1.- Esperanza de vida ≥ 3 meses
- 2.- ECOG 0-1
- 3.- Ausencia de comorbilidades que desaconsellen o uso
- 4.- Ausencia de metástases cerebrais clínicamente activas

Outras consideracións:

- Administrarase ata progresión ou toxicidade inaceptable.
- Avelumab pode considerarse unha opción terapéutica en primeira e segunda liña de tratamento en situacións nas que as alternativas dispoñibles resultan limitadas ou ineficaces.

Esta resolución e comunicada nesta data a Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Alfredo José Silva Tojo

Santiago de Compostela (data e sinatura dixital na marxe)

Xerentes da Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde